

ACTA DA ASEMBLEA XERAL ORDINARIA DO CLUBE DE MONTAÑA XISTRA, CELEBRADA NO SALÓN DE ACTOS DO EDIFICIO DAS FEDERACIÓNS DEPORTIVAS, RÚA FOTÓGRAFO LUÍS KSADO 17, DE VIGO O DÍA 8 DE MARZO DE 2025 ÁS 19:00 HORAS, EN SEGUNDA CONVOCATORIA.

Asistentes
<u>Presidente/a</u>
D. Henrique Freixeiro
<u>Directivos/as asistentes</u>
D ^a . M ^a Begoña Landesa Torrado
D ^a . María Luisa Martínez Bello
D. Raúl Leirós Gutiérrez
D. José Miguel Merino
<u>Directivos que escusan a asistencia</u>
D. Angel Gonzalez
D. José Carlos Senovilla
<u>Socios/as de Honra asistentes</u>
D. Xosé Lois Freixeiro
D ^a . M ^a Teresa Cameselle
<u>Socios/as asistentes</u>
D ^a . Marina Fdez. Casalderrey
D ^a . M ^a Dolores Tirados Prieto
D ^a . M ^a Consuelo Martínez Fdez.
D. Vítor Almeida Domínguez
D. Tomás Carril Martínez
D. Roberto López Iglesias
D. Raúl Lago Mouriño
D. Manuel Comesaña Rial
D. Julio Fernández Oitaben
D. Jose F. Soto Amil
D. José Álvarez Rodríguez
D. David Eladio Pinal Otero
D. Antonio Iglesias Otero

Iniciase a Asemblea Xeral Ordinaria, convocada polo Presidente a tal efecto, co seguinte

ORDE DO DÍA
1 Lectura e aprobación das actas anteriores de 2024.....1
2 Lectura e aprobación do Estado de Contas 2024.....1
3 Resumo de actividades 2024, proxecto 2025.....2
4 Aprobación do protocolo de Protección dos Nenos, Nenas e Adolescentes (NNA) fronte á Violencia no Deporte e nomeamento da persoa Delegada do protección de NNA.....2
5 Rogos e preguntas.....3

SESIÓN
Comunicada polo Secretario a súa ausencia a esta Asemblea Ordinaria, fai as funcións de secretaria accidental para a elaboración desta acta D^a. Begoña Landesa. Unha vez iniciada a Asemblea incorporouse o Sr. Merino, pero dá fe da Asemblea a Sra. Landesa.

- 1 Lectura e aprobación das actas anteriores de 2024.**
Os presentes confirman ter recibido as actas ordinaria e extraordinaria do ano 2024 e, despois de ser lidas na súa totalidade e sen obxeccións, son aprobadas ambas por unanimidade.
- 2 Lectura e aprobación do Estado de Contas 2024.**
O Presidente dá lectura ó Balance de Situación e a conta de Resultados a data 31 de decembro de 2024, elaborados por FL Consultores.
- Coméntase que durante o ano 2024 houbo gastos superiores ós ingresos, o que derivou nunha perda no exercicio, pero inferior que o ano precedente. Tamén se informou das partidas que se reducen para 2025, co fin de buscar un equilibrio económico.

A fin de ano está pendente de recibir a subvención concedida pola Deputación de Pontevedra.

ACTIVO			PASIVO		
ACTIVO	2024	2023	PASIVO	2024	2023
INMOBILIZADO MATERIAL	1.851,66 €	3.529,86 €	FONDO SOCIAL E RESERVAS	38.445,86 €	40.730,02 €
Material Deportivo	6.712,79 €	6.712,79 €	Fondo Social	38.445,86 €	40.730,02 €
Amortización Acumulada Inmob. Material	-4.861,13 €	-3.182,93 €	RESULTADOS PENDENTES APLICACIÓN	-784,44 €	-2.284,16 €
ANTICIPOS A C/P	0,00 €	201,00 €	Perdas e ganancias	-784,44 €	-2.284,16 €
Anticipo licenzas c/p Federación	0,00 €	201,00 €	DÉBEDAS A CURTO PRAZO	121,82 €	1.070,57 €
DEBEDORES VARIOS	1.163,82 €	1.117,00 €	Varios	121,82 €	349,57 €
Secretaría Xeral para o Deporte (Xunta)	0,00 €	0,00 €	Ponteareas Acredor x Doazón	0,00 €	500,00 €
Deputación Prov. Pontevedra	1.163,82 €	1.117,00 €	Anticipo licenzas c/p Nova Zelandia	0,00 €	221,00 €
TESOURERÍA	34.767,76 €	34.668,57 €			
Abanca 1305	24.756,97 €	26.679,46 €			
Abanca 2930	8.925,40 €	7.392,13 €			
Caixa	1.085,39 €	596,98 €			
TOTAL ACTIVO	37.783,24 €	39.516,43 €	TOTAL PASIVO	37.783,24 €	39.516,43 €

Dáse conta dun resultado negativo de -784,44 € que será incorporado a Fondo Social. Infórmase de que

o activo do club está composto a 31/12/2024 das seguintes partidas: 1.851,66 € en material deportivo; 1.163,82 € ó noso favor da subvención pendente de recibir (Deputación); e un saldo de tesourería de 34.767,76 € (dos cales 1.085,39 € en efectivo de caixa e o resto nas 2 contas abertas en ABANCA).

GASTOS	2024	2023		INGRESOS	2024	2023
Gastos por Andainas-Actividades-Eventos	4.819,73 €	8.003,81 €		Ingresos por Andainas-Actividades-Eventos	5.353,20 €	8.477,00 €
Gastos Actividades Montaña		20,00 €		Ingresos Actividades Montaña		20,00 €
FGM Gastos Barrancos				FGM Ingresos Barrancos		
FGM Gastos Veteranos	180,00 €			FGM Ingresos Veteranos		
FGM Gastos Día Sendeirista	249,00 €			FGM Ingresos Día Sendeirista	16,00 €	
Gastos Cursos EGAM	200,00 €			Ingresos Cursos EGAM	200,00 €	
Gastos Licenzas Federativas	5.894,99 €	6.537,80 €		Ingresos Licenzas Federativas	6.002,00 €	6.542,00 €
				Ingresos Cotas Sociais Xistra	830,00 €	880,00 €
Gastos Cea Anual + Asemblea	37,70 €	1.358,00 €		Ingresos Cea Anual		640,00 €
Gastos uniformidade equipamentos		391,16 €		Ingresos uniformidade equipamentos	15,00 €	425,00 €
Primas de Seguros	623,21 €	511,79 €				
Servizos Bancarios e similares	65,11 €	83,72 €				
Contabilidade e impostos	680,50 €			Subv. Secretaria Xeral Deportes Xunta	635,98 €	650,44 €
Outros Servizos	195,34 €	789,51 €		Subv. Deputación Prov. Pontevedra	1.163,82 €	1.117,00 €
				Subv. Concello de Vigo	601,42 €	566,83 €
Servizos Informáticos	376,80 €	496,10 €				
Hospedaxe páxina web	190,91 €	139,43 €		Doazóns recibidas		
Comunicacións	120,00 €	74,84 €				
Subv. Xistra Infantil Fomento	296,00 €	415,00 €				
Subv. Xistra Espec. Licenzas		62,00 €				
Subv. Xistra – Roberto Lopez – Manaslu		400,00 €				
Doazóns entregadas – Fins Benéficos		2.073,20 €				
Amortización Inmo. Material	1.678,20 €	1.678,20 €				
				Resultados excepcionais	5,63 €	1.432,13 €
Resultado exercicio (positivo)				Resultado exercicio (negativo)	784,44 €	2.284,16 €
	15.607,49 €	23.034,56 €			15.607,49 €	23.034,56 €

Trala exposición, as contas anuais son aprobadas por unanimidade.

Procédese tamén a aprobar o Orzamento 2025, onde cabe resaltar que se incorpora unha partida de 400,00 € para axudar a Roberto López na súa expedición ó Makalu (Himalaia).

3 Resumo de actividades 2024, proxecto 2025.

O Presidente fai un resumo das actividades de 2024, cun vídeos sobre actividades de montañismo e marchas. Coméntase que hai máis actividades de escalada e as actividades que están a levar outros socios en vías ferratas.

En 2024 non houbo posibilidade de facer actividade de barrancos nin de raquetas, cuestión que pode volver a pasar en 2025 por falta de neve e de persoas para a súa organización.

Para 2025 a entidade vai colaborar na organización de AndaGuláns, así como participar en moitas das actividades da Vogalía de Andainas da FGM.

O Presidente solicita que os socios interesados organicen algunhas saídas e actividades para o resto dos socios, xa que recibirán o apoio do club e a cobertura da Responsabilidade Civil da entidade.

4 Aprobación do protocolo de Protección dos Nenos, Nenas e Adolescentes (NNA) fronte á Violencia no Deporte e nomeamento da persoa Delegada do protección de NNA.

Por imperativo legal e para poder optar ás subvencións da Xunta de Galicia, este ano 2025 a entidade debe aprobar o protocolo de Protección dos Nenos, Nenas e Adolescentes (NNA) fronte á Violencia no Deporte e nomear a unha persoa como Delegada da protección de NNA.

A Xunta Directiva aprobou o mesmo e nomeou ó Presidente como Delegado da protección de NNA. Esta información xa foi comunicada á Xunta de Galicia.

Sométese á aprobación da Asemblea o acordo de Xunta Directiva e é ratificado, quedando **aprobado por unanimidade**.

5 Rogos e preguntas.

Os socios consultan sobre os procedementos para os Concursos sociais, facendo o Presidente unha demostración en directo sobre os recursos dispoñibles na web do club, usando a conexión vía internet.

Sen outros asuntos que tratar, e sendo as 21:30 horas do día 8 de marzo de 2025 procédese a dar por finalizada a Asemblea Xeral Ordinaria, do cal eu, D^a. María Begoña Landesa Torrado, coma Secretaria accidental dou fe co visto e prace do Presidente.

Sinaturas:

D ^a . María Begoña Landesa Torrado	D. X. Henrique Freixeiro Cameselle
Secretario/a da reunión da Xunta Directiva	Co Vº e Prace do/a Presidente/a